



CÓDIGO ÉTICO

1. Definición

O Código Ético é o documento que recolle os valores que inspiran á nosa iniciativa comunitaria no desenvolvemento da súa misión e as pautas de comportamento que seguimos para a consecución dos seus obxectivos.

2. Ámbito de aplicación

O Código Ético debe inspirar o comportamento de todas as persoas socias da nosa entidade comunitaria, así como de todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que ocupen un cargo de representación. As nosas principais entidades aliadas no desenvolvemento do noso modelo de negocio tamén deberán seguir estas pautas éticas.

3. Valores propios

En Enerxía Comunitaria, S.L., aínda tendo adoptado a forma dunha sociedade de capital, os seus principios organizativos e de toma de decisións obedecen a un modelo democrático, tal e como establecen os seus Estatutos.

Enerxía Comunitaria, S.L., quere construír un modelo 100% renovable, equitativo, distribuído e eficiente, en mans das comunidades locais, promovido desde a participación e a transparencia.

Enerxía Comunitaria, S.L., entende ás comunidades locais como a



ciudadanía e as súas asociacións, as pequenas e medianas empresas, incluídas as cooperativas e as comunidades de montes veciñais en man común, os concellos e todo o tecido asociativo, incluíndo ás asociacións comarcais para o desenvolvemento local e rural, que teñen os mesmos fins que Enerxía Comunitaria, S.L.

Ademais, Enerxía Comunitaria, S.L., quere ser unha ferramenta activa na transición de modelo enerxético, con capacidade para xerar impacto social e económico.

Para conseguir o seu obxectivo, opera sobre os seguintes valores:

- 1) **SUSTENTABILIDADE** ambiental, pero tamén social e económica. A produción eléctrica de Enerxía Comunitaria, S.L., será 100% renovable e defenderá que a mellor enerxía é a que non se consome.
- 2) **DEMOCRACIA**. Entendemos a nosa forma de operar desde a democracia, a igualdade, a responsabilidade, e a solidariedade. Desta forma, todas as decisións dentro desta entidade serán tomadas sempre por unha maioría de persoas, só considerando o peso das participacións sociais naqueles casos legalmente establecidos.
- 3) **EQUIDADE**. Avogamos por un modelo social próximo, humano, que non deixe a ninguén fóra, que sexa xusto con todas as persoas. Un modelo que, ademais, ofrezca ás persoas, independentemente do seu xénero, identidade sexual, idade, raza, cor, nacionalidade, clase social, lingua ou relixión, as mesmas oportunidades, o mesmo respecto, o mesmo trato, garantindo os seus dereitos, as mesmas oportunidades de traballo e promoción, a accesibilidade á educación e o uso dos bens e servizos da comunidade que garanta un trato equitativo de realidades diversas.



4. Pautas de conduta habituais

Enerxía Comunitaria, S.L., entende que, para conseguir os seus obxectivos, as persoas integrantes da organización e os aliados no desenvolvemento do seu modelo de negocio debemos adoptar as seguintes pautas de conduta:

- 1) **CONFIANZA.** Creemos nunha forma de traballo próxima, fluída e baseada na confianza entre equipos de xestión e persoas socias.
- 2) **PARTICIPACIÓN.** Queremos persoas informadas, formadas e que decidan sobre o desenvolvemento do modelo enerxético. Esperamos unha participación real de todas as persoas socias de Enerxía Comunitaria, S.L.
- 3) **RESPECTO.** Somos unha comunidade diversa que comparte proxecto e espazos, e facémolo sobre a base do respecto mutuo entre todas as persoas que confluímos en Enerxía Comunitaria, S.L. Non toleramos ningún tipo de discriminación, nin ningunha forma de acoso, en particular o sexual, e esperamos da nosa comunidade unha resposta firme diante destas condutas, de se observaren algunha vez.
- 4) **CONTRA A CORRUPCIÓN, TOLERANCIA CERO E INTEGRIDADE.** Temos o convencemento de que podemos conseguir os nosos obxectivos con total honestidade, integridade, transparencia e cumprimento das normas. E esperamos esta mesma convicción das nosas aliadas (entidades colaboradoras, socias de negocio, empresas provedoras, etc.). Non toleramos condutas, negocios, relacións comerciais, nin a obtención de beneficios que consistan en ou se obteñan mediante subornos, extorsións, pagos de intermediación, petición ou ofrecemento de favores e/ou calquera outra forma de corrupción.
- 5) **EFICIENCIA.** No ámbito da xestión dos recursos humanos e económicos de que se dispoña en cada momento, as persoas



físicas ou xurídicas que tomen decisións sobre a súa asignación e organización empresarial, tendo en conta os principios enumerados anteriormente, acudirán tamén á necesaria eficacia e eficiencia das súas decisións para salvaguardar a sustentabilidade económica de Enerxía Comunitaria, S.L., e, en consecuencia, os intereses de todas as persoas socias que conformamos esta iniciativa.

5. Obrigações das persoas socias, administradoras, xerentes, empregadas ou colaboradoras

No exercicio das súas responsabilidades, tarefas, traballos e na súa actuación en nome de e/ou para Enerxía Comunitaria, S.L., a nosa base societaria, persoas administradoras, equipo de xerencia, persoal laboral e persoas colaboradoras, obríganse a:

- 1) Coñecer os valores do Código Ético e adoptalos.
- 2) Adecuar as súas pautas de comportamento a este Código Ético, ás normativas que o desenvolvan e ás leis que poidan afectalo.
- 3) Non tolerar comportamentos que infrinxan o Código Ético, as normativas que o desenvolvan ou as leis que o afecten.
- 4) Consultar á xunta xeral de persoas socias en caso de calquera dúbida sobre o alcance do Código Ético e as normativas que o desenvolvan, ou sobre calquera conduta que observen e que consideren que puidese chegar a contravir este documento.
- 5) Alertar e/ou denunciar comportamentos que infrinxan este Código Ético.
- 6) O cumprimento dos pactos de socios omnilaterais que



poidan existir.

6. Consecuencias do incumprimento

O incumprimento deste Código Ético considerárase moi grave e comportará as consecuencias previstas nos acordos tomados pola xunta xeral de Enerxía Comunitaria, S.L.

7. Desenvolvemento, difusión e revisión

Este Código Ético completárase coas políticas e procedementos que aseguren a implantación destes valores adoptado mediante os acordos da xunta xeral.

O mesmo poderá ser obxecto de revisións posteriores para actualizalo, se procede, mediante acordo da xunta xeral.

8. Aprobación e modificacións

Este Código Ético foi aprobado pola xunta xeral de Enerxía Comunitaria, S.L., na súa reunión de data 4 de xullo de 2025.